

MANUEL GÓMEZ DEL VALLE, POETA, COMUNISTA E MÁRTIR (1906-1936)

XESÚS ALONSO MONTERO

*Para Marisa Lorenzo Iglesias e Manuel Peña Rey,
na música do poeta.*

Levo anos tratando de reuni-lo corpus poético deste escritor, tarefa na que teño tido éxitos, polo momento, pouco rechamantes. O meu interese por Manuel Gómez del Valle iniciouse o día en que lin na revista *Cristal* (daquela moi rara) o poema «Manifiesto pastoril a los niños pobres del campo», de 1932. Ese interese acrecentouse, moi pouco despois, cando souben que o seu autor fora fusilado, por comunista, no tráxico verán de 1936. O primeiro resultado público das miñas indagacións foi a voz da *Gran Enciclopedia Gallega*, redactada, en boa parte, cos datos fornecidos, en carta, pola súa irmá Mercedes, cuñada do pintor Manuel Prego de Oliver, que fixo, para esa publicación, instado por min, un estupendo retrato do poeta.

Anos despois, o 24 de novembro de 1995, pronunciei en Ourense unha conferencia co título que encabeza estas páxinas. Nesa data sabía algo máis –pouco máis– da súa vida e coñecía algúns outros textos seus (poucos tamén). Nese ano xa publicara Armando Fernández Mazas o seu libro *Política y pedagogía (Memoria teórica de un maestro de la A. T. E. O.)*, no que lle dedica ó noso escritor unhas páxinas de entusiasta atención. Hai meses acheguei-me ó seu principal poema nun artigo de *La Voz de Galicia*.

Recentemente, a correspondente ficha bibliográfica da edición facsimilar da revista *Cristal* non só non aporta ningunha noticia senón que non ten en conta unha parte do publicado –ben pouco– sobre Manuel Gómez del Valle.

As presentes páxinas son unha especie de chamamento para que algún estudioso se achegue á vida e á obra deste escritor. Quen se comprometa con esta tarefa terao que facer cunha certa paixón, sen a cal dificilmente vai supera-los silencios e imprecisións que ocultan e terxiversan a existencia e a obra literaria deste escritor comunista asasina-

do en agosto de 1936. As lagoas son, aínda, maiúsculas. Ignoramos, por exemplo, o seu labor periódico en varios países hispanoamericanos e non sabemos se, como poeta, publicou (ou escribiu) textos en galego.

1. DA VIDA: POLÍTICA E CULTURA

Fillo de emigrantes, naceu na Habana en 1906, e, ós once ou doce anos, reside en Ourense onde realiza os estudos de Bacharelato, primeiro no Colexio dos Maristas e logo no Instituto. Finalizado este, retorna a Cuba (precisa a súa irmá Mercedes).

É ela quen nos informa de que alí iniciou as súas actividades periodísticas e que percorreu toda América (*sic*) entregado á tarefa da loita polos dereitos humanos; tamén consigna que os seus escritos foron moi ben acollidos en Colombia e Venezuela, país no que foi encarcerado. A loita social será o que caracterice o seu labor desde o regreso a Ourense nunha data que a súa irmá non precisa.

Será Armando Fernández Mazas, mestre de A. T. E. O., quen nos revele as cualidades pedagóxicas de Gómez del Valle. Sen ser Gómez del Valle mestre, substituíu a Fernández Mazas na súa escola de Bóveda (Amoeiro) e, máis tarde, en 1933, a Ignacio Herrero Fuentes na escola de Tamallancos (Vilamarín), en ámbolos dous casos co éxito esperable dos seus dotes pedagóxicos. É este autor quen aporta o dato de que casou no Barco de Valdeorras cunha «camarada militante». Nesta comarca participou en mitins comunistas con Santiago Álvarez, información que debo a este (1996).

Intensa foi, pois, a súa vida política e cultural nos anos da II República. Tamén está por face-lo inventario das súas colaboracións (algunhas en verso) na prensa ourensá desta época.

Cando se produce a Sublevación do Dezoito de Xullo, Gómez del Valle e o socialista Fernando Gordón García, vista de aduanas en Verín, deciden trasladarse á Gudiña para recrutaren xente e facérense con armas. Fernández Mazas engade que foron detidos pola Garda Civil en Xinzo de Limia e trasladados, de contado, á cadea de Ourense. A súa irmá Mercedes precisa que foi detido o 21 de agosto de 1936.

Manuel Gómez del Valle coprotagoniza un conto de Antón Tovar, de 1989, titulado «A grande ilusión»; o outro protagonista é don Sinvi (Victor Porta), mestre anarquista que puña escola gratis. Fálanos Tovar da amizade que se profesaban o mestre ácrata e o militante comunista, ámbolos dous entregados á mesma «grande ilusión». (Comunícame Tovar que don Sinvi é, enteiramente, personaxe de ficción).

2. O FUSILAMENTO DO POETA

A súa irmá Mercedes conta con laconismo: «Fue detenido el 21-7-36 y fusilado el 11-8 del mismo año en el cuartel de S. Francisco. No quiso le fueran tapados los ojos». Engade ela, no mesmo tipo de prosa:

Lo acompañaron hasta el último momento don Fernando Quiroga Palacios¹ (el cual había pedido no se cometiera tal asesinato ante el Obispo, el cual no atendió la petición) y don Celso Madriñán Neira. Sólo ellos dos fueron testigos.

El Juicio fue sumarisimo.

Moito tempo despois, o seu irmán Ernesto² publicou nunha revista do exilio, *Vieiros* (1965), un relato, «Non cantaron os galos», no que conta as derradeiras horas do poeta. No relato, onde se consigna que Manuel Gómez del Valle «non se deixaría tapar os ollos», hai, á beira do condenado, un sacerdote (;don Fernando Quiroga?) preocupado porque un home «vai morrer sen confesión». No conto dásenos esta versión do final do poeta:

¹ Quen, anos máis tarde, chegaría a ser cardeal en Santiago de Compostela.

² Sobre Ernesto Gómez del Valle v. a correspondente voz da *Gran Enciclopedia Gallega*, por min redactada.

Cando [o sacerdote] rubía [...] ollou dende a outura un piquete que apuntaba o peito dun valente. Con toda a forza [...] berrou, berrou: non olles ós demais homes, nin ós fusiles, óllame soio a min i a esta cruz.

E o derradeiro que viu –contaba despois–, a derradeira ollada dos seus ollos foi pra ista cruz.

No relato cóntase –ténase en conta– que o señor abade estivo «a noite toda á beira do condenado» sen que este se confesase.

O fusilamento de Manuel Gómez del Valle é a primeira das traxedias no seo da súa familia. Mercedes, a irmá, conta a da nai, María Lozano del Valle («María de Beiro»), nestes termos:

Como consecuencia de esto, sin más delito que ser su madre y reivindicar la memoria de su hijo, fue asesinada de forma cobarde, después de encarcelada.

Armando Fernández Mazas, no seu libro de 1990, ofrécenos unha versión máis terrible:

Su madre fue detenida y trasladada a la cárcel de Celanova. Una vecina de aquella villa me contó cómo ella misma presenció desde el balcón de su domicilio, que daba a la plaza del Convento y cárcel, cómo la rociaron con gasolina y le prendieron fuego. A un hermano [Ricardo] le obligaron a hacer toda la campaña de guerra en las filas franquistas y, cuando se liberó Valencia, un falangista le asesinó increpándolo de que si aún estaba vivo y que no tenía derecho a disfrutar de la victoria de las tropas nacionales (p. 97).

3. OBRA LITERARIA DE MANUEL GÓMEZ DEL VALLE: A PROSA

Como xa dixemos, son moi poucos os títulos que coñecemos do noso escritor (v. a Bibliografía).

Consultamos algúns números, poucos, de *Escuela de Trabajo*, «revista pedagógica mensual de la Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Orense», outras veces subtitulada «revista mensual de educación de la ATEO», sigla esta que suscitou un comentario de Unamuno no seu derradeiro libro, *El resentimiento trágico de la vida*, escrito nos

últimos meses da súa vida (1936)³. Gómez del Valle, aínda sen ser mestre de carreira, foi ben acollido nunha publicación que ostentaba na súa cuberta o artigo 48 da Constitución da República Española, este: «La enseñanza será laica, hará del trabajo el eje de su actividad metodológica y se inspirará en ideales de solidaridad humana».

Que eu saiba, publicou nesta revista dúas importantes entrevistas relacionadas, moi directamente, cos problemas do ensino: unha a Belén Sárraga e outra a cinco membros das Misiones Pedagógicas, daquela (1933) misioneiros por Galicia (Rafael Dieste, Otero Espasandín, Ramón Gaya, Sánchez Barbudo e Serrano Plaja).

Interesa máis, aínda máis, o artigo «Krupp 42», que os editores da revista presentan nestes termos: «Ofrecemos hoy a nuestros lectores el comienzo de unas bien logradas acuarelas literarias que expresan de forma maestra trágicos aspectos de la guerra. Fueron escritas para *Escuela de Trabajo* por la pluma plena de humanidad del escritor proletario Manuel Gómez del Valle».

Para que se vexa a «idea» e a pluma do noso escritor, reproduzo, das catro de que consta o artigo, a primeira das acuarelas (denominación, creo, que non lle acae a estas estampas duras de Gómez del Valle):

De entre los objetivos que empañaron la transcendental misión de la escuela, ninguno tan repugnante, tan odioso, como aquel que pretendió emponzoñar la integridad del hombre futuro, inculcando en la escuela clasista la venenosa mentira del honor nacional. Aún hoy es triste contemplar por gran parte de nuestras escuelas residuos librescos con «batallas gloriosas» y «valerosos guerreros» sembradores de odios atávicos en el niño, para ser trágicamente fértiles. No, la nueva civilización ha de maldecir con todas sus fuerzas la barbarie guerrera, y luchar por la desaparición del injusto régimen social que lo provoca: el capitalismo imperialista.

³ «A. T. E. O. Asociación Trabajadores Enseñanza Orense. Una Iglesia que anatematiza al que cree en Dios pero sin creer que se pueda demostrar racionalmente su existencia es una Iglesia desesperada» (*El resentimiento trágico de la vida. Notas sobre la revolución y guerra civil españolas*, Madrid, Alianza, 1991, p. 29).

No mesmo número da revista (o 16, xuño de 1933), Xavier Abril, escritor marxista peruano⁴, publica un artigo titulado «Poesía y revolución», que llo dedica «A M. Gómez del Valle». Trátase dun comentario de dous libros de García Lorca (*Romancero gitano* e *Poema del cante jondo*) no que chega á conclusión de que «el espíritu decadente de la burguesía española necesitaba un poeta» e esa burguesía atopouno en Lorca, «juglar de la liga rosada» (acusación que non favorece o que puidese haber de atinado, se algo houber, no comentario crítico). A Lorca, como poeta, non só lle nega o pan senón tamén (case, ou sen case) o sal, disconformidade –aclara Abril– que non procede só da súa ideoloxía social («clasista, revolucionaria») senón de criterios estrictamente estéticos. Non coñezo, na case oceánica bibliografía sobre Lorca, unha crítica semellante, nin sequera cando foi exposta desde premisas marxistas, das que este escritor, a vulgar por esta páxina, semella un ultra.

O artigo de Xavier Abril está, máis ou menos, na liña das páxinas que outros «teóricos» marxistas da literatura proletaria publicaban nesas datas. Un bo exemplo é o artigo «La misión de la literatura proletaria revolucionaria en España», do ourensán Felipe Fernández Armesto (logo máis coñecido como Augusto Assía), que apareceu no número 1 (1932) de *Bolchevismo*, revista do Partido Comunista⁵. Repare o lector nos catro breves textos que escolmo:

a) Durante la época de lucha del proletariado contra la opresión capitalista la literatura es proletaria y revolucionaria solamente...

b) El socialismo llegó a España tarde, desde el primer instante transido de burocratismo y herido ya de reformismo, sin entusiasmo, sin vigor revolucionario, mostrándose como el germen de lo que ahora ha llegado a ser: como el criado servil de la burguesía para el momento de peligro.

c) En el mes de junio sostuve yo una conferencia en el Ateneo de Madrid, en la cual, por primera vez, se puso en España a discusión la teoría marxista-leninista de la literatura. Esta conferencia sirvió de fundamento

⁴ Lima, 1905-Buenos Aires, 1989. Colaborou na revista *Amauta*, de Lima, fundada e dirixida polo marxista peruano José Carlos Mariátegui (1894-1930), que foi un lúcido ensaísta.

⁵ *Bolchevismo*, revista teórica del Partido Comunista de España, Madrid, 11-3-1932.

para la creación de la Unión de Escritores proletarios-revolucionarios, con la cual creáramos logrado el instrumento conductor de un movimiento literario orgánico en España.

d) Una crítica marxista implacable debe ser nuestro fuego purificador.

Polos datos que teño, a intervención de Felipe Fernández Armesto no Ateneo non foi, exactamente, unha conferencia. Así o conta Pío Baroja nas súas memorias: «En un ensayo de crítica de masas, sin duda imitando a Rusia, que se hizo en el Ateneo de Madrid, me invitaron a mí para inaugurar la serie. Tenía que explicar y defender una novela mía. Esta novela se llamaba *Los visionarios*, la comentaría un joven escritor, Fernández Armesto, desde un punto de vista marxista, y yo la defendería a mi modo»⁶.

De tódolos xeitos, non temos datos para saber se a concepción que Gómez del Valle tiña do feito literario coincidía, nese momento, coa de Xavier Abril, que lle dedicou un artigo, e a de Fernández Armesto, marxista un pouco excesivo nun traballo que, sen dúbida, leu.

4. A POESÍA

Só coñezo tres poemas de Manuel Gómez del Valle. O primeiro, «Rebeldía», fermoso e prometedo, foi escrito en México no verán de 1929, infórmame a súa irmá, Mercedes; tamén me informa de que a familia (especialmente Manuel Prego de Oliver) reconstruíu o poema en dúas versións, unha das cales ofrecemos en facsímile. Aquí reproducirei os primeiros e os derradeiros versos:

Me puse a tirar piedras al Sol
cansado ya de su insolente brillo.
¡Qué ironía, Señor, y qué sarcasmo
para el cansancio de mis ojos tristes!
Eres pérfido, Sol.
Lo eres cuando iluminas todas las podredumbres
que fatigan el ánimo.
[...]
Electricista quisiera ser
para cortar el interruptor
y apagarte de una vez.
Brilla, relumbra, agosta,

⁶ Desde la última vuelta del camino. *Memorias. Galería de tipos de la época*, Madrid, Caro Raggio, 1983, p. 167.

incendiario perverso.

Contra ti van mis piedras
y mi verso.

Titula «Poema» un que publica, en 1931, no *Heraldo de Galicia* de Ourense⁷. Ben trobado, trátase dun madrigal, menos breve e intenso có de Gutierre de Cetina, a uns ollos de muller. Supoñemos que eses ollos existiron e que o iluminaron ou o amargaron, pois nunha nota final, infinitamente hiperbólica, precisa que este poema seu é o primeiro dos 153.000.000 «que me inspiraron sus ojos».

Se é que hai xogo, non xoga Gómez del Valle no poema de 1932, o «Manifiesto pastoril...», do que nos imos ocupar no capituliño seguinte.

Debo confesar que non coñezo as composicións a que fai referencia Armando Fernández Mazas: «Recordamos que Manuel Gómez del Valle publicó varios de sus poemas en la sección «Páginas de Arte» de nuestra revista *Escuela de Trabajo*. Lamento que entre los escasos ejemplares que poseo no figure ninguna de aquellas poesías» (p. 95). Eu tamén o lamento.

Así como na prosa, un marxista, Xavier Abril, lle dedicou un artigo, no eido da poesía, un reaccionario, Álvaro Cunqueiro, dedicoulle un poema na revista *Resol*: «Oco».

5. «MANIFIESTO PASTORIL A LOS NIÑOS POBRES DEL CAMPO»

Publicouse no número 4 da revista literaria *Cristal*, de Pontevedra, en outubro de 1932 cun debuxo de J. L. (José Luís), codirector artístico da revista. Sen o debuxo, reproducíoo logo *Escuela de Trabajo*⁸.

Só un corazón marxista podía, daquela, escribir este manifesto no que os «proletarios» son os nenos pobres do campo que algún día —cando se acabe a inxustiza— fartaranse de leite saboroso e de fermosas mazás coloradas, hoxe só ó alcance dos nenos señoritos da cidade (non dos nenos pobres urbanos), que, de feito, nunca viron o ubre das vacas nin medra-las mazás nas árbores. O «manifesto», que podería ser un panfleto, é un poema, é dicir,

⁷ Texto que me aporta Marcos Valcárcel, excelente coñecedor da prensa ourensá.

⁸ Non podo precisar número e data.

está construído cos modos, cos recursos e coa actitude de quen exerce como poeta, guste ou non a lectura sociolóxica que o autor fai do texto da vida.

Consta o poema de 48 versos libres no que alternan versos de arte menor con versos longos, algúns de máis de vinte sílabas. O autor salienta dous fragmentos, un de catro versos e o outro de tres (os finais), de contido moi semellante, co recurso de imprimílos, totalmente, en maiúsculas. Este Manifesto evoca, nalgúns momentos, o máis célebre dos manifestos, o de 1848, sobre todo nos tres versos finais:

NIÑOS POBRES DEL CAMPO, UN DÍA
OS JUNTARÉIS]
PARA REPARTIROS TAN RICA LECHE,
TAN ROJAS MANZANAS.

No conto «A grande ilusión», Antón Tovar ofrece en galego (sen sinalar que se trata dunha tradución) 16 versos do Manifesto. Hai acertos coma este:

Un día, pronto, os juntaréis para repartiros
tan rica leche y tan rojas manzanas.

Un día, pronto, xuntarédesvos para repartirvos
o leite arrecendente e as mazás rubias ou douradas.

Tovar, o traductor, libérase, no segundo verso, da literalidade e, sen traizoalo texto orixinal, fai un verso propio de raíz moi popular galega. O conto remata con esta reflexión de Antón Tovar:

O poema de Manolo estaba agachado, calado, e así estaría durante moitos anos, agardando polo día das bandeiras vermellas. Ese día que está durmido en calquera reviravolta da vida e que endexamais dá chegado. Endexamais.

Os responsables da edición facsimilar da revista *Cristal* estampan este comentario:

[Manuel Gómez del Valle] ... publicou un pequeno feixe de poemas soltos. Cun deles, «Manifesto pastoril de los niños pobres del mundo», colabora por primeira vez e única en *Cristal* (nº. 4). O poema é unha das pouquísimas manifestacións de versolibrismo que atopamos na revista. Tamén é excepcional pola temática tratada e, sobre todo, pola

actitude crítica, de denuncia e testemuña adoptada polo poeta, que cultiva aquí un lirismo humanitario de forte acento social e intención reivindicativa e revolucionaria⁹.

Reproduzo este comentario por se-lo único que coñezo do manifesto de Gómez del Valle. Con anterioridade, Antón Tovar manifestara o seu entusiasmo por estes versos. No conto citado, don Sinvi, o mestre anarquista, confésalle ó autor: «—Manoliño, é un dos teus mellores poemas. Algún día chegará a ser verdade». Parécenos que na valoración literaria do poema inflúe non pouco a adhesión ideolóxica.

Na reprodución que fai *Escuela de Trabajo* deste «Manifesto» figura, ó final, esta nota: «Del libro en preparación *Pasquines*. Himnos de tumulto para manifestaciones de más de 900. 000 gargantas limpias». Non sabemos se tal libro se estaba a preparar, como indica Gómez del Valle, ou con esta épica nota se propuña caracterizar, dalgún modo, o tipo de poesía que lle gustaba, unha poesía para declamar *coram populo*.

6. CONSIDERACIÓN FINAL

Como xa dixemos, hai bastantes lagoas na biografía de Gómez del Valle, sobre todo as referentes ó longo período hispanoamericano. Grave lagoa é, na bibliografía, que ninguén teña exhumado parte do inxente labor periodístico seu nos rotativos de América.

Malia as lagoas e as imprecisións no cido da súa biografía e o descoñecemento dunha boa parte da súa obra literaria e periodística, Manuel Gómez del Valle, desde que eu publiquei a súa microbibliografía na *Gran Enciclopedia Gallega*, ten tido unha presenza de certa entidade, fundamentada, sobre todo, nun poema, o «Manifesto pastoril a los niños pobres del campo». O nome de Gómez del Valle xa circula entre nós nalgúns medios eruditos, mercé a este poema, cun certo aire de lenda. Para algúns estudiosos, entre os que me conto, do que se trata é de saber se a obra poética aínda non exhumada está na liña temática e no nivel literario do fermoso e inquietante «Manifesto».

⁹ Alonso Girgado, L. et al., *Cristal*, ed. facsimilar, Xunta de Galicia, 1998, pp. 80-81.

1. BIBLIOGRAFÍA ACTIVA

1.1. PROSA

- «Krupp 42», *Escuela de Trabajo* (Orense), 16-6-1933.
 - «Belén Sárraga a través de una entrevista», id., agosto, 1933.
 - «Las Misiones Pedagógicas, el Museo del Pueblo y sus animadores», id., septiembre, 1933.
- Entrevista a Rafael Dieste, José Otero Espasandín, Ramón Gaya, Antonio Sánchez Barbudo e Arturo Serrano Plaja.

1.2. POESÍA

- «Rebeldía» (México, verán de 1929). Reconstruído por Manuel Prego de Oliver.
- «Poema», *Heraldo de Galicia* (Orense), 29-9-1931.
- «Manifiesto pastoril a los niños pobres del campo», *Cristal* (Pontevedra), 4, octubre 1932.

1.3. TEXTOS SEUS TRADUCIDOS Ó GALEGO

- TOVAR, Antón, trad. parcial (16 versos) de «Manifiesto...», *op. cit.*
- ROMERO, Marga, trad. de «Las Misiones Pedagógicas...», en *Entrevistas con Rafael Dieste*, Vigo, Nigra, 1995, pp. 129-132.

2. BIBLIOGRAFÍA PASIVA

2.1. PÁXINAS DE ERUDICIÓN E CRÍTICA

- SILVA FERREIRO, M., *Galicia y el Movimiento Nacional*, Santiago de Compostela, Imprenta del Seminario Conciliar, 1938, p. 270.

Só a referencia de que M. G. del V. foi dirixente en Ourense da Federación de Sociedades Obreras.

- GÓMEZ DEL VALLE, Mercedes, [«Notas biográficas sobre Manuel Gómez del Valle»], 1980, 2 p. manuscritas, que ofrecemos en facs.
 - X(esús) A(LONSO) M(ONTERO), «Gómez del Valle, Manuel», *Gran Enciclopedia Gallega*.
 - HERMIDA GARCÍA, Modesto, *As revistas literarias en Galicia na Segunda República*, Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1987, p. 107.
- Segue o traballo de X. A. M.
- FERNÁNDEZ MAZAS, Armando, *Política y pedagogía (Memoria teórica de un maestro de la A. T. E. O.)*, Ourense, Andoriña, 1990, p. 94-97 e 184-188. Con novos datos biográficos.
 - ALONSO GIRGADO, Luís, *et al.*, «Gómez del Valle, Manuel», en *Cristal*, ed. facsimilar, Xunta de Galicia, 1998, p. 80-81.
- Non aporta outros datos biográficos nin coñece o libro anterior.
- ALONSO MONTERO, Xesús, «Manifiesto ós nenos pobres do campo», *La Voz de Galicia*, 14-8-1998.

2.2. PÁXINAS DE FICCIÓN

- GÓMEZ DEL VALLE, Ernesto, «Non cantaron os galos», *Vieiros* (México), 3, 1965.
- TOVAR, Antón, «A grande ilusión», en *A grande ilusión e outros contos*, Vigo, Galaxia, 1989.

2.3. APÉNDICE. POEMAS DEDICADOS A M. G. DEL V.

- CUNQUEIRO, ÁLVARO, «Oco», *Resol* (Santiago de Compostela), 3, 1932.
- CUADRADO, Arturo, «Filmófono», *Yunque* (Santiago de Compostela), 1-5-1932.

APÉNDICES

APÉNDICE I. «BIOGRAFÍA» DE M. GÓMEZ DEL VALLE

Datos sobre Manuel Gómez del Valle, recabados de sus hermanos herederos

Nació en 1906 (Habana, Cuba) llegó a Orense entre once y doce años. En donde prosiguió sus estudios, primeramente en los Marianos, continuando el bachillerato en el Instituto. Finalizado este regresa a Cuba, en donde se inician sus actividades periodísticas. Recorrió toda América, dedicándose a la lucha por los derechos humanos. En Colombia y Venezuela fueron muy bien acogidos sus escritos. En esta última fue encarcelado. Regresa a Galicia (Orense), en donde se dedica, por entero, a la lucha social, dando mítines en toda la provincia y escribiendo en "La Starpa" y "La Región". Fue detenido el 21-7-36 y fusilado el 11 del 8 del mismo año.

en el cuartel de S. Francisco. No quiso de fueran tapados los ojos. Lo acompañaron hasta el último momento, Don Fernando Quiroga, el cual había pedido -no se cómo- tierra tal asesinato, ante el Obispo, el cual no atendió la petición, y de Celso, solo ellos dos fueron testigos. El juicio fue sumario.

De esto necesito tu lo que mas interesa.

Besos

Mercé

me recordaba de él, en sus últimos días me se su madre -nervios- decir la memoria de su hijo fue asesinada de forma certera, después de encarcelado.

APÉNDICE II. «REBELDÍA», MÉXICO, 1929


Me puse a tirar piedras al Sol.
 Me puse a tirar piedras al Sol
 cuando ya de su insolente brillo.
 Que iría tener, fue sarcasmo
 para el cansancio de mis ojos tristes!
 Soy, perdido Sol.
 Yo era cuando iluminas, foras, los pedregales
 que fatigan al viento.
 Y, si iluminas la belleza del arte
 o el rostro sáfico de la mujer amada
 con ese luz perfido.
 Carga de todo calientemente
 que la luz sáfica lleva
 al fondo de luz obradora
 te dio luminaria inoportuna y
 monotona.

que, desde el inicio de la Creación
~~se fue~~ surjiste
 para fue sobre el mundo fantasma
 nuevamente el signo electario.
 Potente foco eléctrico
 de oculto hilo transmisor
 electricista fisco ser
 para entrar el interruptor
 y afarte de una vez.
 Brilla, rebrilla, apista,
 incendiario perverso.
 Contra ti van mis piedras
 Y mi verso.

Manuel Gómez del Valle
 México - verano - 1929

Original
 Archivo de Celso
 21-7-36
 21-8-36

APÉNDICE III. «MANIFIESTO...»



Manifiesto pastoril a lo

NIÑOS descalzos de las escuelas del campo.
 De los caminos del campo.
 De todo el campo.
 Abrumados bajo tres océanos de sol, en verano;
 y ciento cincuenta témpanos resbalados del Polo Sud en invierno.

Sol, frío—siempre descalzos—
 Frío, sol—siempre desnudos—
 Bajo la lluvia de vuestra melancolía,
 la ciudad es el tamboril donde tiemblan todos los ruidos
 de las atracciones...
 donde los niños señoritos se comen vuestras manzanas
 —si se las comen, también juegan con ellas a la pelota—
 A los niños señoritos les sobran vuestras manzanas
 que vosotros veis partir del huerto, una sobre una ..
 —pelotas de oro que sonrosó el sol al verterse perpendicular y cálido—
 Si vuestros ojos legañosos tuvieran imán
 os quedaríais con las más rojas
 porque las visteis crecer a flote de la primavera florecida.

Los niños señoritos de la ciudad, no saben como empiezan
 a nacer vuestras manzanas
 —Solo saben comerlas—
 Si vuestros ojos legañosos tuvieran imán
 os quedaríais con las más rojas
 porque las visteis desembarcar de la primavera enardecida.

Los ignorantes niños de la ciudad, se beben vuestra leche

M A N U E L G Ó M E Z

(CRISTAL, PONTEVEDRA, 4, 1932)



s niños pobres del campo

—apenas si saben tomarla, repugnantes, sorbo a sorbo—
 Nada saben de donde se hace manar,
 porque nunca han visto copular a las vacas
 mientras en el monte pacen a tu cuidado.

Niños pobres del campo,
 en la ciudad, hay también niños
 pobres que tienen hambre.
 ¡Que tienen mucha hambre!

¡QUE NO TIENEN LECHE NI ROJAS MANZANAS!
 UN DIA, PRONTO, OS JUNTAREIS PARA REPARTIROS
 TAN RICA LECHE Y TAN ROJAS MANZANAS.

ENTONCES ES QUE SE HA ACABADO LA INJUSTICIA.

...Y seguireis pastoreando vuestras vacas,
 y que copulen mucho
 para que tengan leche todos los niños pobres.
 Y ya lavados vuestros ojos
 en fuentes de rocío, en lagos de luna,
 sin envidia, sin envidia,
 vereis parlar vuestras manzanas
 que visteis colgar de las sombrillas florecidas de la Primavera enardecida.

NIÑOS POBRES DEL CAMPO, UN DIA OS JUNTAREIS
 PARA REPARTIROS TAN RICA LECHE,
 TAN ROJAS MANZANAS.

Z D E L V A L L E